

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 24 de maio de 2004 pola que se conceden axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadías e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.

Por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 12 de decembro de 2003, convocáronse axudas para alumnos e profesores de centros públicos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadías e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa doutras linguas.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no artigo sétimo da citada orde,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder con cargo ao concepto orzamentario 07.04.322T.480.0 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, as axudas que se relacionan no anexo I, correspondentes ao segundo prazo, por un importe total de 152.350,75 euros.

Segundo.-Recolle no anexo II as axudas denegadas.

Terceiro.-De acordo co artigo noveno da orde de convocatoria as axudas serán aboadas da seguinte forma:

Para as axudas que non superen o importe de 6.000 euros, aboarase un anticipo de pagamento de ata un 80%, logo da aceptación da subvención. O 20% restante librarase unha vez finalizada a actividade e despois da súa completa xustificación económica por parte do centro e entrega da memoria de actividades, xuntando certificación respecto da percepción ou non doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, para efectos do disposto no artigo 78.4º e) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Nas axudas que superen esta cantidade o pagamento realizarase integramente unha vez finalizada e xustificada a actividade.

Cuarto.-De acordo coa normativa vixente, os beneficiarios quedarán obrigados a:

1. Aceptar a axuda concedida. Neste sentido, se no prazo de dez días contados a partir do da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda, o centro beneficiario non a acepta, entenderase que renuncia á súa percepción.

2. Facilitar a información requirida e someterse ás accións de comprobación ou control financeiro que poda efectuar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os organismos competentes.

3. Xustificar o correcto investimento das axudas recibidas, mediante a presentación da seguinte documentación:

Unha vez efectuada a viaxe, o centro docente, como entidade colaboradora da xestión de axudas públicas, deberá, de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, tramitar a seguinte documentación no prazo máximo dun mes:

1. Memoria. Os centros beneficiarios enviarán unha memoria das actividades realizadas que inclúe:

a) Resumo do desenvolvemento da actividade realizada.

b) Obxectivos conseguidos.

c) Procedemento de avaliación utilizado, resultados obtidos e difusión que se realizou deles. A memoria estará acompañada por unha certificación do director do centro na que se faga constar o nome e número de DNI do profesor responsable do proxecto e dos profesores que o acompañaron na viaxe.

2. Xustificación dos gastos efectuados.

Os centros educativos enviarán unha certificación do consello escolar do centro aprobatoria do gasto, xuntando unha relación detallada dos gastos efectuados, así como unha certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou ente público.

Quinto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro de 1999), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento correcto desta orde.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Axudas concedidas

Centro escolar	Tipo acción	Título proxecto	Nº profesores	Nº alumnos	País destino	Data inicio	Data fin	Axuda solicitada	Axuda concedida
CPI Manuel Padín Truteiro, Soutomaior (Pontevedra)	EA	Intercambio lingüístico alumnos Blackpool-Aracade	2	20	Reino Unido	3-9-2004	13-9-2004	10.200 €	7.510 €
CPI Rodeiro-Rodeiro (Pontevedra)	EA	Galia-Bretaña, dúas culturas mesma orixe	2	10	Francia	22-3-2004	1-4-2004	3.700 €	3.370 €
CEIP de Carballedo-Cotobade (Pontevedra)	VE	Patrimonio cultural europeo	1	0	Noruega	9-4-2004	14-4-2004	1.400 €	1.050 €
IES de Meaño-Dena (Pontevedra)	EA	Une approche culturelle	2	14	Francia	23-3-2004	2-4-2004	5.258 €	4.370 €
CEIP Santa Rita-Galdo-Viveiro (Lugo)	EA	Xabarán en Saxonia II	2	11	Alemaña	29-5-2004	5-6-2004	4.585 €	4.585 €
IES Fontexería-Muros (A Coruña)	EA	A xuventude e a adolescencia en Europa	3	39	Francia	13-5-2004	23-5-2004	8.148 €	8.148 €
IES nº1 de Ribeira-Ribeira (A Coruña)	EA	Intercambio Galicia-Suecia	2	26	Suecia	4-6-2004	16-6-2004	13.975,18 €	11.560 €
Colexio María Auxiliadora-Lugo (Lugo)	EA	Intercambio Lugo-Arras	2	25	Francia	24-3-2004	2-4-2004	10.817,50 €	7.120 €
IES do Castro-Vigo (Pontevedra)	EA	Abrindo camiños	2	20	Reino Unido	16-9-2004	25-9-2004	7.510 €	7.510 €
Colexio Sta. María-A Coruña (A Coruña)	EA	Intercambio lingüístico-cultural	2	15	Francia	1-11-2004	15-11-2004	4.060 €	4.060 €
IES Porta da Auga-Ribadeo (Lugo)	EA	Intercambio con Francia	2	24	Francia	17-9-2004	29-9-2004	6.906,40 €	6.870 €
IES de Curtis-Curtis (A Coruña)	VP	Visita preparatoria. Estadía en Francia	1	0	Francia	1-6-2004	10-6-2004	750 €	750 €
IES de Barro-Barro (Pontevedra)	EA	O noso instituto: Estudo comparativo ESO	2	19	Francia	12-6-2004	22-6-2004	7.851 €	5.620 €
IES María Sarmiento-Viveiro (Lugo)	EA	Connaissance d'une langue et decouverte d'un pays.	1	13	Francia	26-3-2004	6-4-2004	2.728,66 €	2.728,66 €
IES Ribeira do Louro-O Porriño (Pontevedra)	VP	O inglés como vía de comunicación no contexto internacional	1	0	Irlanda	20-6-2004	27-6-2004	950 €	950 €
IES Vilar Ponte-Viveiro (Lugo)	EA	Connaissance d'une langue et decouverte d'un pays	3	31	Francia	26-3-2004	6-4-2004	6.789,42 €	6.789,42 €
IES Monte da Vila-O Grove (Pontevedra)	EA	O noso instituto: Estudo comparativo ESO	2	27	Francia	12-6-2004	22-6-2004	8.538 €	7.620 €
ACEESCA-O Porriño (Pontevedra)	VP	Persoas discapacitadas físicas desde a perspectiva.	1	0	Rep. Checa	17-5-2004	22-5-2004	950 €	950 €
IES Río Cabe-Monforte (Lugo)	EA	Galia-Bretaña, tan lonxe, tan preto	2	29	Francia	25-3-2004	4-4-2004	8.945 €	8.120 €
Colexio La Salle-Ferrol (A Coruña)	EA	Os nosos costumes	2	24	Francia	30-4-2004	6-5-2004	4.600 €	4.600 €
IES Arzobispo Xelmírez I-Santiago de Compostela (A Coruña)	EA	Intercambio escolar con Francia	2	20	Francia	14-5-2004	23-5-2004	5.870 €	5.870 €
Colexio Apóstol Santiago, Vigo (Pontevedra)	EA	Galia-Kent, terras de peregrinacións	1	15	Reino Unido	25-4-2004	7-5-2004	5.380 €	5.380 €
IES Monte das Moas-A Coruña (A Coruña)	EA	Culturas europeas. Geneations	2	17	Holanda	5-3-2004	14-3-2004	6.535 €	6.535 €
IES Carlos Oroza-Pontevedra (Pontevedra)	VE	A Galician-Scottish	1	0	Reino Unido	21-8-2004	31-8-2004	872 €	872 €
IES Rafael Dieste-A Coruña (A Coruña)	EA	A vida escolar en Suecia	2	10	Suecia	19-3-2004	29-3-2004	5.854 €	5.160 €
IES de Becerreá-Becerreá (Lugo)	EA	Aprender no diálogo	2	28	Italia	16-10-2004	25-10-2004	23.976,70 €	10.110 €
IES Monte Castelo-Burela (Lugo)	VP	Vocational training: training periods in E.U.	1	0	Italia	31-3-2004	4-4-2004	900 €	900 €
IES Campo de San Alberto-Noia (A Coruña)	EA	Celtic connections between Wight and Noia	2	24	Reino Unido	29-9-2004	10-10-2004	12.020 €	7.185 €
Colexio La Salle-Santiago de Compostela (A Coruña)	EA	Intercambio cultural Santiago-Malmö	2	25	Suecia	18-9-2004	27-9-2004	16.250 €	6.057,67 €

ANEXO II

Axudas denegadas

Centro escolar	Tipo acción	Título proxecto	Nº profesores	Nº alumnos	País destino	Data inicio	Data fin	Axuda solicitada	Axuda concedida
IES Ribeira do Louro-O Porriño (Pontevedra)	VP	A aprendizaxe dunha lingua estranxeira	1	0	Malta	20-6-2004	27-6-2004	1.050 €	Ten unha axuda concedida neste mesmo prazo
IES A Pinguela-Monforte (Lugo)	EA	Galia-Bretaña, tan lonxe, tan preto	1	16	Francia	25-3-2004	4-4-2004	5.108 €	Ten unha axuda concedida para un intercambio de alumnos no primeiro prazo
IES Ramón Otero Pedrayo-A Coruña (A Coruña)	EA	Do atlántico ao adriático	2	21	Italia	27-9-2004	6-10-2004	7.835 €	Tivo axuda en anos anteriores e valoración insuficiente

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Resolución do 21 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial do convenio colectivo das empresas organizadoras do xogo do bingo para o ano 2003.

Visto o texto para a revisión salarial do convenio colectivo das empresas organizadoras do xogo do bingo, que subscribiu a comisión paritaria do referido convenio

o 11 de marzo de 2004, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, a Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición da devandita revisión salarial no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.